

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 25 de maio, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da actas seguintes: ordinaria, número 5/2018 do 27 de abril e extraordinaria número 6/2018 do 16 de maio.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia dende o día 24 de abril de 2018 ata o 21 de maio de 2018.

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

3.- Concesión da subvención nominativa á Federación Galega de Bandas de Música Populares para financiar o “IX Campus Musical 2017” e aprobación do correspondente convenio

Comisión de Deportes e Mocidade

4.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Gallega de Ciclismo correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a realización da XVI Volta Ciclista á provincia da Coruña.

Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero

5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio As Mariñas para financiar o mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica Social Especializada no ano 2018.

Comisión de Promoción Económica e Emprego

6.- Aprobación do convenio entre a Deputación da Coruña e a Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas (EXPONAV) para financiar o proxecto “Gastos de funcionamento da fundación e do museo da construción naval”

7.- Aprobación do convenio entre a Deputación da Coruña e a Asociación Comercial de Emprendedores de Galicia (ASCEGA) para financiar o proxecto “Momentos Emprendedores”.

Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente

8.-Aprobación da terceira fase do Plan de vías provinciais 2018: DP 7804 Val do Dubra a Santiago, ensanche, mellora de trazado e afirmado P.K. 18+690 ao 22+223.

9.-Aprobación do Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016-Plan adicional, 1ª fase.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

10.- Aprobación da fórmula xeral de valoración das ofertas económicas e a súa aplicación nos contratos da Deputación Provincial da Coruña.

11.- Ratificación da Resolución da Presidencia número 15743, do 7 de maio de 2018, pola que se modifica a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña designada por resolución da Presidencia número 9198 do 15 de marzo de 2018.

12.- Aprobación do Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante o procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais.

13.- - Aprobación do Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante o procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais

14.- Aprobación do Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante o procedemento aberto simplificadísimo das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais.

15.- Aceptación da solicitude do Concello de Moeche para a avocación parcial da contratación das obras comprendidas nos plans provinciais.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

16.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Laxe para o financiamento de “Mellora de equipamentos e infraestruturas do Museo do Mar de Laxe”.

17.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Paderne para o financiamento do investimento “Ampliación e mellora da rede de abastecemento domiciliario de auga potable”.

18.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Porto do Son para o financiamento do investimento “Instalación de colectores de saneamento nas parroquias de Miñortos e Nebra”.

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

19.- Aprobación da información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da Orde HAP/2015/2012 do 1 de outubro. Execución do primeiro trimestre do exercicio 2018 na Deputación Provincial da Coruña e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, e do estado consolidado.

20.- Aprobación inicial do Plan económico-financeiro 2018-2019 (artigo 21 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira)

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS